

**Autor:** CEBRIÁN HERREROS, M.  
**Ano:** 2003  
**Título:** *Análisis de la información audiovisual en las aulas*  
**Lugar:** Madrid  
**Editorial:** Editorial Universitas, S. A.

Un dos fundamentos do sistema educativo é o coñecemento do contorno. Na sociedade moderna, a información audiovisual convértese na intérprete, na grande mediadora da realidade, en transmisora dun sistema de valores adoito contraposto ao comunicado polo sistema escolar. Faise, polo tanto, necesario realizar unha análise da información audiovisual para poder valorar o auténtico alcance da súa influencia.

O profesor Mariano Cebrián Herreros, autor da presente obra, é Catedrático de Información Audiovisual da Universidade Complutense de Madrid. Persoa con grande experiencia no tema que tratamos, traballou con profesores e alumnos de distintos niveis educativos no estudo e análise da información audiovisual. É autor, así mesmo, de diversas obras relacionadas con esta temática.

*Análisis de la información audiovisual en las aulas* presenta un enfoque novo respecto á obra anterior deste autor; desde a perspectiva do ensino-aprendizaxe, adopta unha formulación analítica para o uso da información audiovisual nas clases. O seu

obxectivo é impulsar a análise crítica imprescindible nos procesos de ensino-aprendizaxe, co fin de formar cidadáns críticos co sistema de coñecemento da realidade, persoas capaces de tomar decisións, sendo conscientes dos intereses e sistemas de valores imperantes.

O contido da obra estrutúrase en nove capítulos e un anexo. Comeza coa concepción dos modelos comunicativos empregados para a difusión-circulación da información; analiza, a continuación, a concepción de información e a configuración da realidade de acordo coas diversas tecnoloxías e medios. Posteriormente, trata a estrutura e xerarquización dos contidos, a interpretación da realidade mediante códigos, relatos e xéneros. Deseguido, ofrece unha caracterización dos programas, e das programacións de acordo cos modelos xeneralista, temático e converxente. Por último, conclúe coa ubicación no contexto global do seu desenvolvemento e coa análise das repercusións nos procesos de ensino-aprendizaxe.

Ao final de cada tema, no apartado de conclusións, preséntanselle ao lector unha serie de preguntas e propos-

tas de actuación ou actividades, coa finalidade de que este constrúa a súa propia análise da situación. Este diálogo aberto da obra co lector, xunto co propio modelo de análise proposto, constitúen dous dos aspectos de maior interese práctico e profesional do traballo.

O modelo de análise do que se fala ao longo do libro sintetízase nun esquema no anexo. É un modelo adaptable aos diversos niveis curriculares, que tenta fomentar a creatividade dos que o experimenten. A proposta recolle uns puntos para que cada analista xere o seu propio modelo.

Por último, sinalar algunhas das conclusións que aporta o estudo:

A información audiovisual aparece reflectida como unha interpretación da sociedade. Non existe unha única visión, senón diversidade de puntos de vista, posto que cada medio dá a súa interpretación da realidade, conforme á súa formulación ideolóxica e á súa liña editorial.

Efectivamente, existe todo un mundo ideolóxico detrás de cada canle; un conxunto de intereses e de valores que son os que determinan, en última instancia, os criterios de selección, valoración e tratamento dos feitos.

Cada medio informativo presenta unhas características diferentes. Cada un interpreta a realidade de maneira distinta consonte a base técnica, a capacidade expresiva e o modo de comunicación que desenvolve. Convén, ademais, ter en conta as repercusións da

innovación técnica que se produce continuamente para apreciar os cambios que se crean no mesmo.

A información audiovisual configura o tratamento da realidade mediante xéneros audiovisuais; cada un deles establece unha actitude diferente do autor respecto á realidade.

A información audiovisual atinxe o seu máximo nivel de profundamento cando a análise se sitúa nos correspondentes contextos. Cada nova ten unha significación propia, que amplía e perfila a través dos seus contextos.

A televisión representa un sistema educativo e cultural da sociedade máis alá dos contidos que mostra. Establece unha representación do universo actual, xera unha sensibilidade e establece comportamentos sociais (grande parte da sociedade pasa entre tres e catro horas diante do televisor).

O sistema educativo ten que adoptar unha perspectiva investigadora de todo canto se oculta tralas aparencias das imaxes, sons e escritura.

É preciso examinar o alcance dos novos modelos comunicativos que se desenvolven, comprobar se se produce unha transformación real ou se é unha estratexia das canles para aparentar diálogo cando o que ocultan é unha condución cara ao consumo mercantil. As canles multitemáticas e a converxencia da televisión con outros medios poden ser unhas vías para a comunicación democrática, pero tamén unhas novas formas de control dos espectadoro-

res e da sociedade. O sistema educativo debe potenciar a análise de cada modelo televisivo.

De aí a importancia que adquire a formación nas novas linguaxes televisivas. Para iso é imprescindible crear outros modelos pedagóxicos de relación coa televisión durante a etapa

escolar, co obxecto de que o alumno-telespectador-usuario se familiarice e produza competencias persoais. Deste xeito, adquirirá unha capacidade analítica e crítica.

O crecemento e a complexidade televisiva xeran novos campos de relacións coa educación.

*M<sup>a</sup> del Rosario Castro González*  
Universidade de Santiago de Compostela

